

Estimadas familias:

Benvidas a un novo curso!

Convocamos a **Asemblea Xeral da ANPA o xoves 3 de outubro ás 18:00 h** en primeira convocatoria, e ás 18:30 h en segunda, **no ximnasio do colexio** (segunda porta á esquerda, en fronte do edificio principal) coa seguinte ORDE DO DÍA:

1. Lectura e aprobación da acta anterior.
2. Presentación de contas curso 2023/2024 e proxecto orzamentario 2024/2025.
3. Memoria de actividades 2023/2024.
4. Presentación actividades programadas 2024/2025.
5. Presentación das actividades extraescolares.
6. Voluntarios/as para as festas de SAMAÍN e NADAL.
7. Renovación da xunta directiva.
8. Rogos e preguntas.

Esta xuntanza é **para todas as nais, os pais ou titores/as do alumnado do CEIP Casás, aínda que non sexan socias**. A **ANPA** formámola persoas voluntarias que traballamos por e para a nosa cativada e as súas familias, promovendo e dinamizando actividades para o alumnado e a nosa comunidade educativa, e contamos cunha persoa representante no Consello Escolar.

### **XUNT@S PODEMOS FACER A DIFERENCIA**

Tedes toda a información e formularios de inscrición na nosa app que podedes descargar no seguinte enlace:

<https://app.appampas.com/abella/instala-a-aplicacion/>

### **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES CURSO 2024/2025**

		<b>LUNS</b>	<b>MARTES</b>	<b>MÉRCORES</b>	<b>XOVES</b>
15:30-16:30	<b>XIMNASIO</b>	-----	KARATE	-----	KARATE
16:00-17:00	<b>PAVILLÓN</b>	BALONCESTO	ATLETISMO	PATINAXE	BALONCESTO
	<b>AULA/BIBLIOTECA</b>	-----	MECANOGRAFÍA	-----	-----
16:00-18:00 1º TRIMESTRE	<b>AULA/BIBLIOTECA</b>	-----	CAMPAMENTO DIXITAL 4º,5º,6º EP	CAMPAMENTO DIXITAL 4º,5º,6º EP	-----
16:30-17:15	<b>BE ONE</b>	-----	-----	NATACIÓN	-----
17:00-18:00	<b>AULA/BIBLIOTECA</b>	PINTURA/ MANUALIDADES	-----	TEATRO	COCIÑA CREATIVA